

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PAZO DO HÓRREO O 10 DE DECEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería Facenda e Administración Pública.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da liga galega de traiñeiras masculina e feminina da tempada 2022, por importe de cento quince mil euros (115.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 €) por tramitación anticipada de gasto, e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados e á conta.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (Galicia Rural Emprende), por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000 €), anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e a súa declaración institucional de integridade e compromiso ético, así como o modelo de plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dos centros directivos e entidades instrumentais da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a sociedade mercantil estatal Aguas de las Cuencas España, S.A., a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontearreas para a execución e explotación das actuacións de saneamento e depuración en Pontearreas, por importe de once millóns setecentos mil euros (11.700.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo para a humanización da estrada autonómica PO-308 ao seu paso por Portonovo, p.q. 18+960 a 19+770, por importe total de dous millóns trescentos vinte e oito mil setecentos setenta e cinco euros con oitenta e catro céntimos de euro (2.328.775,84 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rois para a execución da actuación de mellora do saneamento no concello de Rois. EDAR de Urdilde. Rois (A Coruña), financiado ao 100% a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19; mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de novecentos quince mil euros (915.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2022-2023 por importe total de catrocentos sesenta e un mil seiscentos euros (461.600 €) tramitado como expediente anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España y os Estados Unidos de América en materia de cultura, por importe total de cento corenta mil euros (140.000 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por un importe de oito millóns de euros (8.000.000 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 90%, sen constitución de garantías, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, e se procede á súa convocatoria no ano 2022, por importe dun millón catrocentos mil euros (1.400.000€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de gases medicinais e o mantemento das instalacións e dos servizos de apoio para as ditas subministracións para os centros dependentes das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, por un importe de vinte e un millóns centro trinta e tres mil cincocentos vinte e oito euros con cincuenta e dous céntimos (21.133.528,52 €) e un valor estimado de vinte e nove millóns trinta e sete mil catrocentos oitenta e oito euros con cincuenta e oito céntimos (29.037.488,58€). Expediente tramitado como anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o 1º acordo de prórroga e a modificación do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por importe dun millón cento corenta e nove mil cincocentos catro euros con corenta e sete céntimos (1.149.504,47 €).
- Acordo polo que se autoriza a primeira addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a empresa pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e Viaqua, para a realización conxunta do proxecto de I+D+I Seguimento da incidencia da COVID-19 en Santiago de Compostela a través da súa detección nas augas residuais urbanas, por un importe de cinco mil oitocentos oito euros (5.808 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o encargo a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (Tragsatec) para a realización dos programas de Sanidade e Producción Animal en Galicia durante o ano 2022, por un importe total de seis millóns trinta e cinco mil trescentos corenta e un euros con setenta e catro céntimos (6.035.341,74€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e as comunidades de regantes de Lamas-Ganade, Corno do Monte, Alta Limia e San Salvador de Sabucedo para a modernización de regadíos, por importe total de tres millóns setecentos doce mil novecentos trinta euros con setenta e tres céntimos (3.712.930,73).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre ICousas. Rede Galega da Internet das Cousas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe da memoria anual da Inspección ambiental.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o estado da tramitación da oferta de emprego público do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense polo que se establecen as bases para a execución das obras da fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o impacto económico para a frota galega das variacións nas posibilidades de pesca de especies principais para 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA UNHA UNIDADE ADMINISTRATIVA ESPECÍFICA PARA A COORDINACIÓN E O SEGUIMENTO DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN

- O Consello da Xunta autoriza a creación dunha Subdirección Xeral, integrada na Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública
- Estará dirixida por persoal funcionario do máximo nivel administrativo
- Ademais, reestrutúrase a Intervención Xeral e créase a Oficina Galega de Auditoría e Control, na cal se integrarán as unidades con funcións auditoras que ata o momento formaban parte da Intervención

A Xunta crea unha unidade administrativa específica para a coordinación e o seguimento dos proxectos financiados con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) da Unión Europea.

Para isto, o Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do decreto de estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública para crear a Subdirección Xeral de Proxectos Públicos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, dentro da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Esta subdirección estará dirixida por persoal funcionario do máximo nivel administrativo.

Ademais do seguimento dos proxectos financiados con fondos do MRR, esta subdirección encargárase da coordinación cos órganos xestores dos proxectos públicos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no ámbito da Comunidade Autónoma e coas autoridades competentes da Administración xeral do Estado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A creación desta subdirección responde, por un lado, á necesidade de que existan unidades orgánicas no ámbito autonómico con funcións de coordinación e seguimento en relación cos fondos procedentes da Unión Europea e, por outro, á necesidade de que os diversos órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, e das entidades locais actúen de xeito coordinado.

Esta modificación da estrutura orgánica enmárcase no Real decreto lei 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), que establece e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

regula o sistema de gobernanza e os instrumentos de xestión pública para desenvolver, executar, controlar e efectuar o seguimento do plan.

E tamén na Lei 9/2021 de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que inclúe unha serie de normas de aplicación na planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos que proveñen dos fondos de recuperación.

O novo decreto de estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública tamén reestrutura a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. En concreto, créase a Oficina Galega de Auditoría e Control co obxectivo de reforzar e potenciar as actuacións de control financeiro, de auditoría do sector público e de fondos comunitarios, en especial no ámbito do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Na Oficina Galega de Auditoría e Control integranse as unidades con funcións auditoras que ata o momento formaban parte da Intervención Xeral.

Ademais, adáptanse as competencias da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos ás demandas e necesidades creadas polos fluxos dos fondos do MRR para garantir o seu axeitado control. Estas funcións incorpóranse a dúas unidades administrativas xa existentes, a Subdirección Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria e o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A LIGA GALEGA DE TRAIÑAS ASINA COA XUNTA UN NOVO CONVENIO QUE SOBE UN 5% E REPRESENTA A CONTÍA MÁIS ELEVADA DO ÚLTIMO DECENIO

A organización da LGT masculina e feminina alcanzará un importe máximo de 115.000 euros, sendo 110.000 euros o consignado en 2020

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da Liga Galega de Traiñeiras masculina e feminina da tempada 2022 que neste ano alcanzará un importe de 115.000 euros, o que representa unha subida do 5% con respecto ao consignado en 2021 cando se destinaron 110.000 euros e a contía máis elevada do último decenio nos convenios asinados coa Xunta.

A Asociación Liga Noroeste é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas.

Deste xeito, o obxecto do convenio autorizado hoxe é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente a tempada 2022.

Con este convenio a Secretaría xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2022, coa fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Na tempada 2021 que vén de rematar, un total de 31 clubs competiron na Liga Galega de Traiñeiras o que significou un incremento importante do 40% con respecto a 2020, ano no que participaron 22. Os 31 participantes de 2021 é a maior cifra histórica de participantes na LGT e estiveron repartidos do seguinte xeito: doce deles na Liga Masculina A: SD Samertolameu, CR Vilaxoán, CM Bueu-Teccarsa, CR Cabo de Cruz, CR Mecos, AD Esteirana, CR Rianxo, CR Muros, CR Puebla, CCD Cesantes e CE Salgado-Perillo; once na Liga Masculina B: CR Narón, CR Chapelá, CM Castropol, CR Cedeira, CM Mugardos, CR A Cabana-Ferrol, Amegrove CR, CR Virxe da Guía, CR Vila de Cangas, SD

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Samertolameu B e CR Puebla B; e oito na Liga Feminina: CR Cabo de Cruz, SD Tirán, CR Salgado-Perillo, CR Chapela, CR Rianxo, CRN Riveira, CR Puebla e CM Mugardos.

Agárdase que para a LGT de 2022 se acaden, alomenos, o mesmo número de participantes que en 2021, o que sería todo un éxito. Ata o día 10 de xaneiro do vindeiro ano, unha vez realizadas as preinscricións na Liga Galega de Traíñeiras, non se coñecerán os equipos participantes na tempada 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CLÚSTER TURISMO DE GALICIA NA PROMOCIÓN DA COMUNIDADE COMO DESTINO SEGURO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe este acordo, ao cal a Xunta achegará 1,5M€ nos próximos 3 anos co obxectivo de reactivar o sector e consolidar a imaxe de Galicia como destino seguro
- Axudará, ademais, a situar Galicia como destino preferente no novo consumidor turístico tras a crise derivada da pandemia
- As actuacións financiadas inclúen a posta en marcha de campañas de publicidade, a participación en feiras, exposicións e congresos ou a creación e a consolidación de produtos turísticos

O Consello da Xunta acordou hoxe a autorización dun convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster Turismo de Galicia para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, polo cal a Xunta achegará 1,5 millóns de euros nos próximos 3 anos, con 500.000 en cada anualidade ata 2024.

O acordo comparte varios dos obxectivos do Plan director 2021-2023 Galicia Destino Seguro no cal a Xunta traballa precisamente co Clúster Turismo de Galicia e coas tres universidades galegas para deseñar o modelo futuro do turismo galego, unha folla de ruta que terá como piares a seguridade, a calidade e a sustentabilidade.

Deste xeito, tanto o convenio co Clúster como este plan buscan reactivar a actividade do sector turístico galego e minimizar o impacto da pandemia nos seus negocios. Na mesma liña, a Xunta xa investiu neste ano máis de 120 millóns de euros en distintas liñas de axudas e nos fondos do Plan de rescate para a hostalaría, para contribuír á recuperación do turismo.

As accións de promoción recollidas no convenio buscan tamén afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro e continuar a recuperar a confianza dos viaxeiros. O reforzo desa mensaxe con medidas pioneiras como o seguro coronavirus ou a implantación das medidas antiCOVID axudaron precisamente a que Galicia liderase no que vai de ano a recuperación da actividade turística por riba da media nacional.

A colaboración entre a Xunta e o Clúster Turismo de Galicia pretende, ademais, posicionar Galicia como destino preferente na mente dos novos consumidores turísticos. Entre as actuacións financiadas con este acordo inclúese a posta en marcha de campañas de publicidade e plans de promoción de Galicia como destino turístico, xunto con outras accións para captar visitantes no mercado nacional e internacional, como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

viaxes de familiarización, *fam trips* ou *workshops*, e a organización e participación en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas ou seminarios.

Tamén se apoiarán proxectos de márketing en liña destinados a empregar o potencial das novas tecnoloxías para a promoción de Galicia como destino e a comercialización dos seus produtos turísticos, consolidando os xa existentes e creando outros novos.

Neste labor de promoción da Comunidade terá un papel importante o Camiño de Santiago como elemento diferenciador da oferta turística galega e como eixe vertebrador e estratéxico da marca Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CREACIÓN DE 200 EMPREGOS NO MEDIO RURAL CON AXUDAS A PROXECTOS NON AGRÍCOLAS DE AUTÓNOMOS E EMPREENDEDORES

- A través da nova convocatoria do programa Galicia Rural Emprende prevista para 2022, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación destina 2 millóns de euros co obxectivo de apoiar 70 novas iniciativas empresariais
- Trátase de actividades industriais para desenvolver no medio rural e vinculadas a sectores como o ambiental, TIC, prestación de servizos de enxeñaría, arquitectura ou veterinaria, artesanía e comercio polo miúdo ou restauración
- Ao abeiro das tres anteriores edicións aprobáronse 180 proxectos e concedéronse preto de 11M€ en axudas que facilitaron a creación e o mantemento de 453 empregos

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación activará en vindeiras datas unha nova edición do programa Galicia Rural Emprende, que achegará axudas por valor de 2 millóns de euros a ao redor de 70 autónomos e emprendedores, posibilitando a creación de preto de 200 empregos no medio rural.

Con esta nova edición, autorizada no Consello da Xunta por anticipado de gasto para permitir a súa convocatoria a principios do próximo ano, a Administración galega reforza a súa aposta polo emprendemento e, máis en concreto, por unha liña desenvolvida polo Igape e cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) que está a estimular o tecido empresarial galego, fomentando a xeración de emprego mediante o apoio á creación de proxectos vinculados a actividades non agrícolas en zonas rurais.

Entre as actuacións industriais prioritarias que Galicia Rural Emprende pretende impulsar figuran as de sectores como automoción, téxtil, aeronáutico, químico, ambiental, TIC, audiovisual, pedra natural e industrias creativas, entre outros.

O importe das axudas mínimas concedidas por beneficiario é de 20.000 euros e o das máximas é de 45.000. Os investidores que se acollan a esta liña de apoios desenvolverán os seus plans empresariais de negocio en 18 meses e recibirán un adianto do 60% da axuda concedida, logo da notificación da resolución e a acreditación do dito plan. O prazo para presentar solicitudes será de 45 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao abeiro das tres anteriores edicións, este programa impulsou 180 proxectos empresariais de emprendedores e autónomos, coa concesión de axudas por importe de 11 millóns de euros vinculadas ao compromiso de creación e mantemento de 453 postos de traballo por parte das iniciativas apoiadas.

Deste xeito, o emprendemento segue a ser un dos piares básicos de actuación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Un camiño que precisa da implicación e a colaboración das administracións e dos axentes económicos e sociais na procura de seguir estimulando o crecemento económico.

Resolución Galicia Emprende

Por este motivo, impúlsanse cada ano distintos programas e liñas de actuación neste ámbito, entre os cales destaca o Galicia Emprende, un programa que vén de conceder preto de 15M€ en axudas para apoiar un total de 52 iniciativas empresariais. Entre as dúas liñas de actuación lograronse apoiar, nos últimos catro anos, máis de 350 proxectos emprendedores, mobilizando máis de 35 millóns de euros.

Xunto con estes programas, a Xunta tamén apoia o emprendemento desde a formación, o asesoramento e o acompañamento a empresas. Neste eido destaca a rede de *coworking* que, desde o seu inicio en 2016, xa tivo 900 participantes que crearon 380 novas empresas. Está previsto lanzar unha nova convocatoria no primeiro trimestre de 2022 que contará cun total de 11 espazos nas catro provincias galegas. Como novidade figuran os da Mancomunidade do Carballiño (con sede no Irixo), Valdeorras (con sede na Rúa) e San Cibrao das Viñas (no Parque Tecnolóxico de Galicia, Tecnópole), todos eles na provincia de Ourense, e súmase un en Pontevedra, en concreto no Deza (Lalín).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA É A PRIMEIRA COMUNIDADE EN APROBAR UN PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN PARA A EXECUCIÓN DOS FONDOS NEXT GENERATION

Será de aplicación a todas as consellerías, centros directivos e entidades do sector público que executen estes recursos

Galicia é a primeira comunidade autónoma en aprobar un Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que será de aplicación a todas a consellerías, centros directivos e entidades do sector público que executen Fondos Next Generation.

O Consello da Xunta aprobou hoxe este plan, que recolle as medidas antifraude que exige a Unión Europea para a execución dos recursos de recuperación económica e que, ademais, segue as recomendacións do Consello de Contas.

As medidas incluídas no plan teñen como prioridade atender as obrigas de xestión daquelas actuacións que son financiadas con fondos procedentes do instrumento de recuperación Next Generation EU, aínda que, na súa maior parte, tamén se poderán aplicar a todos os recursos e fondos xestionados polo Goberno galego.

O Plan de prevención aprobado hoxe permitirá identificar os principais riscos e medidas de prevención que afecten a integridade institucional de cada consellería e cada entidade instrumental do sector público autonómico. Así mesmo, incrementará a transparencia na xestión e responderá ás demandas dos cidadáns, que exigen maiores niveis de rendición de contas no exercicio das funcións públicas.

Ademais, permitirá avanzar nun modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia e optimización dos recursos para acadar unha boa xestión dos recursos públicos e, de maneira especial, os derivados do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

A súa aprobación enmárcase no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

Contido do Plan xeral de prevención

Este modelo para instrumentar mecanismos de prevención, detección e eliminación da fraude inclúe diversas actuacións que van desde o establecemento de procedementos específicos que permitan visibilizar aquelas áreas en que poden existir riscos para adoptar medidas de prevención, ata o control dos sistemas e operacións.

Neste sentido, o documento recolle, entre outros aspectos, un diagnóstico da situación de integridade institucional en Galicia e das normas para acadar os estándares éticos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que exige a Unión Europea; o compromiso de integrar na planificación estratéxica da Xunta de Galicia os criterios de integridade que deben cumprir os diversos plans e políticas sectoriais realizadas polo Goberno galego, ou as declaracións de ausencia de conflitos de intereses que deben asinar os empregados públicos que aproben ou redacten bases de axudas, pregos de contratos ou aqueles que formen parte de mesas de contratos ou comisións de valoracións.

Ademais, tamén inclúe un catálogo de riscos que poden afectar a xestión de subvencións e contratos e un catálogo de medidas que axuden a evitar ou minimizar a súa incidencia, e que será de aplicación en todos os departamentos da Administración galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CON ACUAES E CO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A AMPLIACIÓN E REFORMA DA DEPURADORA MUNICIPAL DA MOSCADEIRA, CUN INVESTIMENTO DE 11,7 M€

- Trátase dunha actuación declarada de interese xeral do Estado en 2018, que o Goberno galego contribuirá a desenvolver mediante unha achega de 2,34 M€
- O obxectivo da actuación é resolver as deficiencias da rede principal de saneamento de Ponteareas, que provocan verteduras ao río Tea, así como reducir as infiltracións de augas brancas na rede de colectores
- A ampliación da capacidade da depuradora da Moscadeira é un paso necesario para que a Confederación Hidrográfica de Miño-Sil autorice a incorporación ao tratamento das augas residuais da parroquia de Ribadetea

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o Concello de Ponteareas e a sociedade estatal de Augas de las Cuencas de España (Acuaes) para a execución e explotación das actuacións de mellora do saneamento e depuración no municipio pontevedrés.

As actuacións, que suporán un investimento de 11,7 millóns de euros, permitirán a execución da ampliación e reforma da estación depuradora municipal de augas residuais da Moscadeira, así como a mellora e optimización do sistema de saneamento de Ponteareas, tamén de titularidade do Concello.

Mediante o convenio, regúlase a cooperación entre as partes para a execución e o financiamento destas obras hidráulicas.

Esta actuación foi declarada de interese xeral do Estado no ano 2018, e pasa así a ser a súa execución unha competencia do Goberno de España. Para contribuír ao seu desenvolvemento, o Goberno galego achegará 2,34 millóns de euros de fondos propios da Comunidade Autónoma para o seu financiamento.

O obxecto da actuación e as obras

O concello de Ponteareas conta cun sistema de saneamento que integra o propio centro urbano, a franxa lonxitudinal da estrada N-120, que comunica Xinzo e Anoso, e as parroquias do barrio de Angoares.

A estación depuradora de augas residuais da Moscadeira, deseñada para 13.000 habitantes equivalentes cun sistema de aireación prolongada, está ao límite da súa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

capacidade en época estival, presenta deficiencias e non acada os parámetros de calidade exixibles para cumprir os límites normativos vixentes para o efluente depurado.

Ademais, a rede principal de saneamento de Ponteareas presenta unha problemática relacionada principalmente co seu carácter unitario e coa falta de capacidade hidráulica dos colectores perimetrais do núcleo urbano. Isto fai que se produzan verteduras ao leito do río Tea, fundamentalmente en tempo de choiva, e que entren en carga certos tramos dos colectores, polo que é frecuente que as tapas dos pozos de rexistro salten e se produza saída de auga residual ao exterior. Ademais, prodúcense infiltracións de augas brancas na rede de colectores, procedentes de arroios e de fontes.

A actuación ten como obxectivo ampliar a estación depuradora de augas residuais da Moscadeira, así como a mellora e optimización do sistema de saneamento, reducindo as infiltracións que se producen na rede de colectores e propiciando a captación e separación das augas non contaminadas do sistema de saneamento, co obxectivo de cumprir cos parámetros de calidade do medio receptor durante toda a vida útil da infraestrutura.

Con esta actuación, ademais, darase o primeiro paso para dotar de saneamento a parroquia de Ribadetea, tamén no concello de Ponteareas. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil condiciona a ampliación da capacidade da depuradora á súa autorización a conectar a esta instalación de tratamento as augas residuais procedentes de Ribadetea.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANXENXO PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PO-308 AO PASO POR PORTONOVO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 2,3M€

- O Goberno galego achegará máis de 1,6 M€ e o Concello de Sanxenxo destinará preto de 700.000 euros
- O Concello asume a redacción do proxecto, a execución das obras e a transferencia do dominio público asociado ao treito da actuación, salvo a calzada e as beiravías
- A Administración local tamén aceptará a titularidade da estrada PO-364, de acceso ao porto de Portonovo, ao ter características totalmente urbanas
- A intervención levarase a cabo no treito da estrada PO-308 comprendido entre os puntos quilométricos 18+960 e 19+770
- As actuacións consistirán na reordenación do espazo público coa delimitación do uso da vía: pavimentación das beirarrúas, aparcadoiros e calzada cos carrís proxectados
- O proxecto tamén incluírá a creación dun itinerario peonil e a disposición de zonas de carga e descarga ou axardinadas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo para a humanización da estrada PO-308 ao seu paso por Portonovo, cun investimento de máis de 2,3 millóns de euros.

No marco deste convenio, a Xunta achegará máis de 1,6 millóns de euros e o Concello de Sanxenxo destinará preto de 700.000 euros.

Ademais, o Concello asume a redacción do proxecto, a execución das obras e a transferencia de todo o dominio público viario asociado no treito de estrada PO-308 afectado pola actuación, salvo a calzada e as beiravías. Tamén asumirá a titularidade da estrada PO-364, de acceso ao porto de Portonovo, ao ter características totalmente urbanas.

A intervención levarase a cabo no treito da estrada PO-308 comprendido entre os puntos quilométricos 18+960 e 19+770.

Traballos que se van realizar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións consistirán na reordenación e na optimización do espazo público da vía, coa delimitación clara do uso nas distintas zonas da rúa: pavimentación da beirarrúas, aparcadoiros e calzada cos carrís proxectados.

O proxecto tamén incluírá a creación dun itinerario peonil accesible cunha sección útil das beirarrúas.

A intervención recolle a disposición de zonas de carga e descarga, descanso, axardinadas e o correspondente mobiliario urbano.

Como traballos complementarios, tamén se acometerán canalizacións subterráneas para telefonía e electricidade, así como a substitución das redes de abastecemento, saneamento e pluviais e luz pública.

Ademais, disporase a sinalización horizontal e vertical correspondente neste tramo obxecto das obras.



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ROIS PARA A MELLORA DO SANEAMENTO MUNICIPAL, CUN INVESTIMENTO DE 915.000 EUROS

- Executarase unha nova estación depuradora de augas residuais na parroquia de Urdilde, que dará servizo ao núcleo urbano da Calle e ao núcleo de Macedos
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 732.000 euros e executará as obras, mentres que o Concello de Rois contribuirá co 20% restante
- A nova depuradora proxectada por Augas de Galicia poderá dar tratamento ás augas residuais de 546 habitantes equivalentes
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Rois para a mellora do saneamento do municipio coruñés, que suporá un investimento de 915.000 euros.

Trátase de executar unha nova estación depuradora de augas residuais no lugar da Calle, na parroquia de Urdilde, que dará servizo ao núcleo urbano da Calle e ao núcleo e Macedos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80%, achegando 732.000 euros. O Concello Rois contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 183.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización. As obras teñen un prazo de execución de oito meses.

Pola súa banda, a entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, o mantemento e a conservación das actuacións que se leven a cabo.

Esta intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Actuacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O actual sistema de depuración de que dispón o núcleo da Calle, en Urdilde, no concello de Rois, presenta deficiencias de funcionamento, carencias respecto da accesibilidade para poder realizar as operacións de mantemento e unha elevada distancia ao punto de vertedura.

A Xunta e o Concello coinciden na necesidade de abordar a mellora do sistema de depuración das augas residuais deste núcleo, a través da construción dunha nova depuradora en Urdilde, localizada máis preto do punto de vertedura.

Deste xeito, garantirase o cumprimento dos obxectivos de vertedura ao medio receptor, dimensionando a depuradora para a conexión futura de toda a parroquia á rede de saneamento, de tal modo que a depuradora proporcione tratamento á totalidade das augas residuais producidas na área.

Segundo o proxecto redactado por Augas de Galicia, as obras obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico comprenden a execución dunha nova estación de tratamento de augas residuais con sistema de depuración por biodiscos e o desmantelamento da depuradora actual de Urdilde, que se manterá en funcionamento ata a entrada en servizo da nova infraestrutura.

O novo sistema estará dotado de arqueta de chegada, *by-pass* xeral, desbaste mediante dobre canle, pretratamento mediante tanque *Imhoff*, con zona de decantación e zona de dixestión, tratamento biolóxico e medida de caudal de auga tratada.

Ademais, executaranse 519 metros de colector desde a estación actual ata a arqueta de entrada da futura depuradora, e disporase de 61 metros de colector desde a arqueta de saída ata o punto de vertedura. Tamén se acondicionará o acceso á nova depuradora.

A nova depuradora proxectada pola Xunta poderá dar tratamento as augas residuais de 549 habitantes equivalentes.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 33 BOLSAS PARA MELLORAR A EMPREGABILIDADE DE NOVOS PROFESIONAIS DE BIBLIOTECAS

- O Consello da Xunta autoriza un investimento de case 500.000 euros para estadias nos centros de xestión autonómica ata 2023 con máis de 2.000 horas formativas
- Enmárcase no compromiso do Goberno autonómico por facilitar a formación e mellora continua dos profesionais da cultura en todas as súas vertentes

O Consello da Xunta deu luz verde á orde pola que se autoriza un investimento de preto de 500.000 euros para a convocatoria de 33 bolsas formativas que facilitarán a formación e posibilidades de inserción laboral no ámbito da biblioteconomía. Trátase dunha medida que se enmarca no compromiso do Goberno autonómico por facilitar a mellora continua e formación dos profesionais da cultura en todas as súas vertentes.

As bolsas están dirixidas ás persoas que posúan unha titulación universitaria de grao en Biblioteconomía e Documentación, Información e Documentación, Historia, Historia da Arte, Filoloxía, Lingua e Literatura, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural ou Humanidades.

Realizarán a formación na Biblioteca de Galicia, a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, a Biblioteca Pública de Lugo, a Biblioteca Pública de Ourense Nós, a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, a Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e a Biblioteca Municipal de Ferrol.

Estas bolsas -que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva e se estenderán ata 2023, cun total de 2.065 horas formativas- permitirán que os beneficiarios se formen no uso e tratamento dos fondos bibliográficos, a atención aos usuarios e a planificación, xestión e execución dos distintos servizos. Contarán cunha parte teórica e outra práctica que será titorizada por persoal técnico bibliotecario baixo a coordinación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Correspóndelle á dirección de cada biblioteca, dentro da súa competencia de organización, establecer as rotacións entre áreas, así como os horarios formativos, que lle deberán ser comunicados á persoa bolsreira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O SEU ACORDO COA COMISIÓN FULLBRIGHT E OFERTA CINCO NOVAS BOLSAS FORMATIVAS PARA ESTADÍAS DE ARTE NOS ESTADOS UNIDOS

- Ambos os organismos renovan o seu convenio de colaboración, que recolle a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura mediante un investimento de preto de 200.000€
- A medida permitirá mellorar a calidade dos traballos dos bolseiros e a súa proxección internacional ao tempo que se contribúe a promocionar a cultura galega no exterior

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade subscribirá un novo convenio de colaboración coa Comisión Fullbright para dar posibilidade, a cinco novos profesionais da cultura, de realizar nos anos 2022 e 2023 estudos, estadías ou investigacións nos Estados Unidos, no campo das artes, por un importe de preto de 200.000€. Deste xeito, o Goberno galego renova o seu acordo con esta institución despois de que Galicia fose, no ano 2019 a primeira comunidade autónoma en subscribir este tipo de colaboracións coa Comisión Fullbright.

O convenio prevé a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura, que se concretan na concesión destas bolsas a candidatos vinculados a Galicia por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos, ou traxectoria profesional. Estas bolsas redundarán tanto na mellora da calidade do traballos das persoas seleccionadas como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Así mesmo, contribuirán a promocionar e divulgar o patrimonio e a cultura de Galicia.

A Xunta de Galicia achegará un importe de 60.000 euros no ano 2022 e de 80.000 euros en 2023. As ditas cantidades estarán destinadas a gastos de viaxe, manutención do bolseiro, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias que poidan existir, así como gastos de xestión. Pola súa banda, a Comisión Fullbright colaborará economicamente cunha achega de 50.010 euros correspondente a gastos de cobertura médica e de accidentes dos bolseiros durante a súa estadía no estranxeiro, entre outros.

Así mesmo, será Fullbright a encargada de preparar e xestionar a convocatoria e o proceso de selección dos bolseiros. Deste xeito, farase cargo da xestión de visados, de ofrecer sesións de orientación en España e de ofrecer unha rede de apoio nos Estados Unidos. Ademais, os bolseiros poderán participar en seminarios culturais e científicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

organizados por Fullbright e, unha vez rematada a súa estadía, formarán parte da rede de antigos alumnos Fullbright do U.S. Department of State.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e permanecerá vixente ata a finalización da última das estadías que cubra.

Nos últimos trinta anos participaron no programa da Comisión Fullbright unha quincena de profesionais que supoñen un exemplo de excelencia académica, creativa e profesional, como os cinco que acaban de rematar a súa experiencia nos Estados Unidos ou o artista Francisco Leiro, o pintor Din Matamoro ou a dramaturga Fefa Noia, directora do Centro Dramático Galego entre os anos 2016 e 2019.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O BONO AUTÓNOMO CUN 45,5% MÁIS DE ORZAMENTO EN 2022 PARA APOIAR A CONSOLIDACIÓN DUNS 3.200 NEGOCIOS CON AXUDAS DE ATA 3.000 EUROS

- A Administración galega, con esta iniciativa, apoia os traballadores por conta propia que teñan unha antigüidade superior aos 42 meses para que poidan ofrecer novos servizos e realizar investimentos que impulsen a súa capacidade competitiva
- Esta medida súmase a outras iniciativas que porá en marcha o Goberno galego en 2022 por valor de máis de 34 millóns de euros para seguir apoiando os autónomos e as pequenas empresas, que constitúen o 97% do tecido empresarial galego
- O próximo ano sentaranse as bases para a definición dunha nova Estratexia do Emprego Autónomo, unha planificación que se fará en consenso cos representantes do colectivo a través da Mesa do Emprego Autónomo
- Galicia, malia a pandemia, é a comunidade autónoma cun emprego autónomo máis sólido e máis igualitario de toda España, con maior fortaleza e capacidade de xeración de ingresos

A Xunta reforza cara a 2022 o bono autónomo cun 45,5% máis de orzamento que na convocatoria de 2021, polo que investirá 8 millóns de euros para apoiar con ata 3.000 euros a consolidación dos negocios de 3.200 traballadores por conta propia. A principios de xaneiro publicárase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a sexta edición deste programa co cal o Goberno galego apoia servizos e investimentos encamiñados á mellora da competitividade empresarial ou profesional dos traballadores por conta propia que contan cunha antigüidade superior aos 42 meses.

O bono autónomo, que se aprobou hoxe no Consello da Xunta, conta con dúas liñas de axudas para mellorar a competitividade dos autónomos. Apoia, dunha banda, o desenvolvemento de servizos destinados ao desenvolvemento de plans estratéxicos, de márketing, de comunicación do negocio, de reorientación ou transformación dixital da actividade económica, de refinanciamento ou de proxectos centrados na biodiversidade ou na eficiencia enerxética.

Financiarase, doutro lado, investimentos relacionados coa compra de maquinaria, adquisición de ferramentas ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética, investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais escasos, compra de útiles e ferramentas, reforma do local, equipamento informático, de oficina, rótulos, posta en marcha de aplicacións informáticas, páxinas web, apps ou redes sociais e deseño de marca.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria abrírase nas próximas semanas apoiando os gastos que se realizasen desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ata o 31 de decembro de 2022. O bono autónomo forma parte dun dos retos principais do Goberno galego para favorecer a consolidación da actividade deste colectivo. A Administración autonómica segue a pór en marcha medidas sempre baseadas no diálogo con este colectivo estratéxico para Galicia, co obxectivo de impulsar o seu crecemento, a súa consolidación e a súa competitividade.

A medida, polo tanto, dá continuidade aos apoios que mantén o Goberno galego coas persoas traballadoras por conta propia, un dos colectivos prioritarios da Xunta de Galicia. Para 2022 investiranse máis de 34M€ para este colectivo co fin de seguir apoiando o inicio da actividade por conta propia, a consolidación dos negocios e a conciliación. A este investimento sumaranse 12 millóns para pór en marcha os polos de emprendemento no rural con que se pretende contribuír á xeración de novo emprego no medio rural a través de fórmulas de economía social e microemprendemento autónomo, o que permitirá asentar poboación no territorio e ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. O vindeiro ano sentaranse, ademais, as bases para a definición dunha nova estratexia do emprego autónomo, unha planificación que se fará en consenso cos representantes do colectivo a través da Mesa do Emprego Autónomo.

E é preciso, ademais, lembrar o esforzo que fixo este ano o Goberno galego a través dos plans de rescate e doutras axudas postas en marcha por outros departamentos autonómicos para apoiar os autónomos e as pequenas empresas máis afectadas pola COVID-19, poñendo á súa disposición máis de 600 millóns de euros en tempo récord para axudalos a manter a súa actividade económica fronte á pandemia.

Situación dos autónomos en Galicia

Galicia, malia a pandemia, é a comunidade autónoma cun emprego autónomo máis sólido, segundo os últimos datos do mes de novembro. De feito, lidera a clasificación das comunidades con maior peso neste sector no total de afiliacións á Seguridade Social, cunha porcentaxe do 21,06%, 4 puntos máis que no Estado (16,90%). Os empregados galegos por conta propia presentan, ademais, maior fortaleza e capacidade de xeración de ingresos que a nivel estatal, así como maior estabilidade: un 94% dos autónomos galegos teñen na súa actividade a súa única fonte de ingresos e nas iniciativas de máis de 5 anos de antigüidade Galicia representa o 63,3% fronte ao 55,7% do Estado (7,6 puntos de diferenza). Así mesmo, Galicia conta co emprego autónomo máis igualitario de toda España: un 40,97% son mulleres, fronte ao 36,15% do Estado (cun diferencial de preto de cinco puntos).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ CONTINUIDADE EN 2022 AO APOIO ÁS MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, CON 1,4M€ EN AXUDAS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- O Goberno galego financia con esta actuación proxectos de recursos específicos que inclúan atención personalizada e especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, ex-reclusas, entre outras
- A contía máxima que pode percibir unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro é de 40.000 euros
- A Administración autonómica investiu nesta iniciativa máis de 13,5 millóns de euros desde 2009, o que permitiu o financiamento de 762 programas

A Xunta investirá en 2022 un total de 1,4 millóns de euros nas axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada e específica destinados en exclusivo a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. A contía máxima da axuda que se poderá conceder a cada entidade é de 40.000 euros. Está prevista que a convocatoria desta medida se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) no primeiro trimestre do próximo ano.

Teñen a consideración de mulleres en situación de especial vulnerabilidade as vítimas de violencia de xénero; de explotación sexual-laboral; inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas e ex-reclusas, entre outros supostos.

Ao abeiro desta convocatoria, cuxas bases se aprobaron hoxe no Consello da Xunta, financiaranse tamén programas que inclúan recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos dirixidos a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable se poida converter nun factor de exclusión.

Así mesmo, a Consellería de Emprego e Igualdade tamén apoiará iniciativas de atención personalizada e especializada para aquelas mulleres pertencentes aos colectivos expostos. Neste caso, o programa debe recoller actuacións personalizadas, como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais ou apoio e orientación laboral.

O proxecto, ademais, debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade pertencentes ao colectivo ou colectivos a que se dirixe, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade. Un dos obxectivos principais da medida é, ademais da atención personalizada a estes colectivos, a mellora da súa empregabilidade.

O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e ata o 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

Esta ano recibiron axuda un total de 80 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. A Xunta ampliou o orzamento en máis de 200.000 euros ata chegar aos 1,6 millóns de euros en 2021 para atender todas as entidades que solicitaron os apoios que cumprían cos requisitos. A Administración autonómica investiu nesta orde de axudas máis de 13,5 millóns de euros desde 2009, o que permitiu o apoio a 762 programas (2009-2021).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS INVISTE 21,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE GASES MEDICINAIS

Son necesarios para o tratamento de afeccións respiratorias, como elementos de apoio para a actividade cirúrxica e a actividade diagnóstica e de laboratorio

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de gases medicinais para os centros das sete áreas sanitarias, así como o mantemento das instalacións e os servizos de apoio, por un importe total de 21.133.528 euros.

Os gases medicinais son un grupo de produtos constituídos por medicamentos, produtos sanitarios e non sanitarios, que son necesarios para o tratamento de afeccións respiratorias, como elementos de apoio para a actividade cirúrxica e, tamén, para a actividade diagnóstica e de laboratorio.

Cómpre sinalar que para a adecuada administración destes gases é precisa a dotación dunha infraestrutura no propio hospital e tamén as tarefas de mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 600.000 DE EUROS NO TRANSPORTE PARA HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

Para proseguir co acordo de colaboración entre o Sergas e ALCER

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o primeiro acordo de prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), asinado en decembro do pasado ano, para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo. O propósito do convenio é simplificar as prestacións por desprazamento das persoas desta provincia afectadas por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise. O importe anual da subvención do convenio é de 644.843 euros.

O labor de ALCER é mellorar as condicións de vida do colectivo de enfermos de ril na provincia de Lugo e, entre outras actividades, encárgase de xestionar o traslado dos pacientes aos centros sanitarios para recibiren tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que teñen que acudir a diferentes centros distribuídos pola provincia luguesa para seren tratados con hemodiálise son trasladados en taxi ou, se a súa condición clínica así o require, en ambulancia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA, A USC E VIAQUA SEGUIRÁN A COLABORAR NO SEGUIMENTO DA INCIDENCIA DA COVID EN SANTIAGO A TRAVÉS DA DETECCIÓN DO VIRUS SARS-CoV-2 NAS AUGAS RESIDUAIS URBANAS

Para tal efecto, o Executivo galego destina un total de 11.616 euros

O Executivo galego autorizou a primeira addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a empresa pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Santiago e Viaqua, para a realización conxunta do proxecto de I+D+I: seguimento da incidencia da COVID en Santiago de Compostela, a través da súa detección nas augas residuais urbanas. Trátase dun convenio colaborativo en que as catro partes seguirán achegando medios económicos ou de persoal para conseguir un coñecemento que se pon ao servizo da cidadanía.

O equipo de traballo considera que a vixilancia nas augas residuais é de utilidade como sistema sentinela de alerta temperá ante posibles gromos ou o aumento da incidencia acumulada.

O convenio inicial remata o 31 de decembro deste ano, polo que se prorroga a súa vixencia, por un prazo de catro meses, ata o 30 de abril de 2022. Para tal efecto, o Executivo galego destina un total de 11.616 euros repartidos a partes iguais entre a Consellería de Sanidade e Augas de Galicia.

O propósito da addenda é poder ter máis información sobre a tendencia da infección dentro do concello de Santiago de Compostela en función do aumento ou diminución da presenza de material xenético do virus SARS-CoV-2 nas augas residuais. Esta é unha ferramenta máis para realizar a vixilancia e detección da COVID, e que pode ser útil para supervisar a eficacia das medidas adoptadas para frear a transmisión do virus.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ALGO MÁIS DE SEIS MILLÓNS DE EUROS EN 2022 PARA AS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO GANDEIRO E OUTROS CONTROIS SANITARIOS NAS EXPLOTACIÓNS

- A Consellería do Medio Rural manterá os programas de vixilancia de enfermidades animais para asegurar o alto estado sanitario das explotacións gandeiras galegas
- Estes fondos destinaranse ao desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realizan baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses
- Ademais, inclúense outras actuacións complementarias, como o servizo da Oficina Agraria Móbil e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal
- Galicia foi declarada recentemente como rexión libre de tuberculose bovina, ademais de brucelose ovina, cabrúa e bovina
- O esforzo continuado dos gandeiros galegos e as medidas desenvolvidas pola Xunta fixeron que as explotacións da nosa Comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar algo máis de seis millóns de euros ao longo do ano 2022 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa Comunidade.

Estes fondos destinaranse a sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se realicen baleiros sanitarios por confirmarse a existencia de animais enfermos, así como dos vehículos de transporte das reses. Ademais, inclúense outras actuacións complementarias, como o servizo da Oficina Agraria Móbil e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal.

O desenvolvemento destes programas nacionais ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, e así poder levar a cabo unha comercialización sen trabas dos animais e dos produtos de orixe animal. Neste sentido, os gandeiros e as gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa Comunidade presenten un estado sanitario do máis alto

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos, que revaloriza os nosos animais e os produtos alimentarios galegos de orixe animal, á vez que ofrece garantías á poboación e aos consumidores.

Mostra deste esforzo é a recente declaración de Galicia como rexión libre de tuberculose bovina, un fito sanitario que se suma ao conseguido anteriormente coa declaración da nosa Comunidade como rexión libre de brucelose ovina, cabrúa e bovina. Ademais, Galicia mantense libre de leucose enzoótica bovina, peripneumonía bovina e lingua azul, ademais de que non aparecen casos de encefalopatías esponxiformes desde hai varios anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO CON CATRO COMUNIDADES DE REGANTES DA LIMIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE 42 NOVOS POZOS DE SONDAXE DE AUGA POR IMPORTE DE CASE CATRO MILLÓNS DE EUROS

- O Consello do Goberno autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as comunidades de regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia
- Estas actuacións son necesarias para a sinatura do convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias, SEIASA, e as comunidades de regantes para mellorar este regadío, cunha dotación económica de 15,9 millóns de euros
- Grazas a esta colaboración institucional -liderada pola Xunta- investirase un total de 32,5 millóns de euros na potenciación do sector agrario da comarca da Limia, no marco do Plan estratéxico do sector agrario da Limia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as comunidades de regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia para a construción dun total de 42 novos pozos de sondaxe de auga, por un importe de case catro millóns de euros. Estes proxectos enmárcanse no Plan estratéxico do sector agrario da comarca da Limia -impulsado pola Xunta- co cal se pretende lograr un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos nesta bisbarra ourensá.

Así, os proxectos de regadío que se levarán a cabo no marco deste convenio entre Xunta e comunidades de regantes comprenden as obras necesarias para a construción e a captación de augas subterráneas desde pozos de sondaxe, para que os agricultores dispoñan dunha toma de auga próxima aos seus cultivos con caudal mínimo necesario que facilitará os labores de rega e favorecerá un uso máis eficiente da auga. En total serán 42 novos pozos a razón de 6 para a comunidade de San Salvador de Sabucedo, 13 para a de Lamas Ganade, outros 13 para a de Corno do Monte e 10 para a de Alta Limia.

Estas actuacións son necesarias para a sinatura do convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, SEIASA e as ditas comunidades de regantes para levar a cabo o proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022, que conta cun orzamento total de 15,9 millóns de euros (o 80% deste orzamento financiado polo Goberno central e o 20% restante polas comunidades de regantes).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na mellora dos regadíos da Limia cómpre tamén destacar todo o conseguido ata o de agora, tras intensas negociacións da Xunta co Goberno central. Así, grazas á colaboración institucional liderada polo Goberno galego, vaise investir un total de 32,5 millóns de euros na potenciación do sector agrario da Limia. Nesta liña, cómpre destacar os 12 millóns de euros que se destinarán á limpeza das canles e dos camiños paralelos a elas, co fin de mellorar a xestión dos subprodutos gandeiros e das augas para evitar e reducir a afectación ambiental das prácticas agrogandeiras actuais nesta bisbarra ourensá. Tamén cómpre destacar os 15,9 millóns de euros do proxecto de mellora da eficiencia e da sustentabilidade dos regadíos da Limia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Executivo do Estado para facer fronte aos efectos da COVID-19 coa axuda dos fondos europeos Next Generation.

Así mesmo, cómpre destacar tamén o Plan extraordinario de reparación de camiños desta comarca, dotado para este ano cun orzamento de 600.000 euros de fondos propios da Xunta. A través deste programa prevense reparar diversos camiños repartidos en 12 concellos, que son utilizados polos agricultores e gandeiros locais. Así, comezouse a traballar xa nos camiños -ou tramos destes- que son prioritarios e as actuacións que non se poidan executar en 2021 serán obxecto dunha planificación posterior dentro deste plan extraordinario. O convenio de cooperación entre Xunta e concellos xa foi asinado no mes de novembro.

Plan estratéxico

O Plan estratéxico do sector agrario da comarca da Limia, promovido pola Xunta, está xa moi avanzado. Coa súa implantación preténdese reducir a concentración de nutrientes nas augas, xerar emprego e fixar poboación no rural, combatendo así o cambio climático á par que Europa.

Tamén se constituíu a comisión interdepartamental, conformada por representantes do Goberno central e da Xunta. Así, a través desta comisión, preténdese acadar un consenso sobre os cambios lexislativos necesarios para contribuír á mellora da xestión das dexeccións gandeiras e do regadío nesta comarca, con medidas concretas que se poidan incluír no Plan estratéxico cun compromiso de execución a curto, medio e longo prazo.

Ademais, a Xunta está a levar a cabo outras medidas xenéricas que velan polo desenvolvemento sustentable do sector primario na Limia, tales como o desenvolvemento da nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou o Plan de pastos, que van permitir o aumento da base territorial das explotacións. E, por último, a Xunta -para optar aos fondos europeos Next Generation- presentou ás manifestacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de interese lanzadas polo Goberno un proxecto tractor para a posta en marcha do Centro para o impulso da economía circular, que contará cun sistema de xestión integral dos xurros excedentarios, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA REDE GALEGA DE INTERNET DAS COUSAS, CON CAPACIDADE PARA DAR COBERTURA Á SENSORIZACIÓN DE MÁIS DO 70% DO TERRITORIO

- A Rede Galega de Internet das Cousas despregarase sobre os 300 centros de telecomunicación de Retegal que, conectados a unha rede de sensores, proporcionará información relevante para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos
- Terá unha cobertura do 71% do territorio, fundamentalmente no eido rural, e capacidade para xestionar ata 300.000 sensores
- Os datos recollidos a través da Rede xestionaranse desde a Plataforma Galicia Intelixente, que facilitará aplicación en ámbitos a protección do ambiente, a xestión agraria, a prevención de incendios ou a eficiencia enerxética
- Esta iniciativa forma parte do proxecto territorio intelixente, *Smart land*, presentado aos fondos Next Generation

O Consello da Xunta autorizou a posta en marcha da Rede Galega de internet das Cousas, con capacidade para dar cobertura á sensorización de máis do 70% do territorio. Este tipo de redes constitúen unha fonte de datos fundamental para mellorar o coñecemento e a xestión do territorio e optimizar a toma de decisións por parte de todos os axentes implicados.

Segundo se recolle no informe, elevado hoxe ao Consello da Xunta pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Rede IoT despregarase sobre os 300 centros de telecomunicación do operador público Retegal e permitirá ofrecer servizos de sensorización ás entidades públicas galegas. Terá unha cobertura do 71% do territorio, fundamentalmente en zonas rurais, e disporá de capacidade para xestionar ata 300.000 sensores, que se despregarán en función das necesidades dos departamentos autonómicos e doutras entidades públicas interesadas en acceder a este tipo de servizos.

Toda a información que xere a Rede IoT se xestionará desde a Plataforma Galicia Intelixente, impulsada desde a Amtega e coa información almacenada nunha base cartográfica única do territorio xestionada por parte do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Esta plataforma permitirá desenvolver solucións de sensorización personalizadas en función das necesidades de cada organismo e entidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Posibles aplicacións

As redes IoT permiten acceder á información distribuída por todo o territorio, facilitando unha xestión intelixente e eficiente dos recursos con múltiples aplicacións en ámbitos como a protección do medio natural, grazas á xestión e ao control dos enchementos e caudais de augas ou depósitos; na mellora da xestión agraria, a través do xeoposicionamento do gando ou monitoraxe de parámetros biométricos; na prevención de incendios; no impulso ás Smart Vilas a través de medidores de control de calidade de aire, indicadores de pobreza enerxética, análise da calidade de vida etc.

A Xunta xa ten previstos dous pilotos neste ámbito, unha solución de sensorización IoT para medir os niveis de enchemento en seis depósitos de auga empregados na prevención de incendios e outra para a xeolocalización de brigadistas que participan no proceso de extinción de incendios. Ademais, a través do proxecto tranfronteirizo EDIT tamén se está a aplicar esta tecnoloxía para a medición de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia de visitantes e que terá aplicación concreta nos Camiños de Santiago.

Orzamento e prazos

Segundo se recolle no informe, o despregamento do equipamento nos centros de telecomunicación de Retegal conta cun orzamento de 1,6 millóns de euros e a previsión é que estea operativa en 2023. O despregamento da rede de sensores realizarase en función das necesidades detectadas por cada entidade pública e artellarase con base en convenios nos cales se especificarán as tarifas e os custos asociados.

Estratexia Galicia Dixital 2030

A creación da Rede IoT forma parte do proxecto territorio intelixente, *Smart Land*, presentado aos Fondos Next Generation e enmárcase no cuarto eixe da Estratexia Galicia Dixital 2030, que busca consolidar na Comunidade un territorio intelixente, verde e resiliente, no cal o uso das tecnoloxías dixitais contribúa a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sustentable.

A creación da rede de datos IoT permitirá consolidar unha administración dixital, máis eficaz e eficiente, que ofrezca máis e mellores servizos, baseada na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos, que responda ás necesidades e expectativas da cidadanía.

Retegal

O operador público Retegal, dependente da Amtega, xestiona máis de 300 centros de telecomunicación, distribuídos por toda a xeografía galega, especialmente no rural. Ademais de servizos de difusión de radio e televisión, Retegal xestiona a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (Resgal) á cal están adheridas máis de 130

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entidades e dá servizo a máis de 5.600 usuarios. Desde Retegal tamén se xestiona a Rede de Vixilancia de Espazos Forestais de Galicia, un instrumento de axuda na prevención dos incendios forestais, que permite a vixilancia dos montes en remoto as 24 horas do día.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESPUNTA COMO REFERENTE EUROPEO EN INSPECCIÓN AMBIENTAL CON MÁIS DE 3.500 CONTROIS REALIZADOS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

- A pesar da pandemia, a Xunta cumpriu os obxectivos de vixilancia exixidos pola normativa comunitaria sobre as actividades industriais de maior impacto
- Grazas a este labor, conseguiuuse que as instalacións se involucren máis en introducir melloras verdes e na avaliación de riscos: un 70% teñen un grao de cumprimento total, moi alto ou alto da súa autorización ambiental
- O Goberno galego ten despregados máis dun cento de efectivos para levar a cabo as inspeccións, entre persoal de Medio Ambiente e da Policía autonómica

Galicia despunta como referente europeo en inspección ambiental, con 3.575 controis efectuados nos dous últimos anos que contan con datos consolidados, 2019 e 2020, e todo iso malia a situación sanitaria provocada pola COVID-19.

De feito, durante a época máis dura da pandemia, acadáronse todos os obxectivos de vixilancia exixidos pola normativa comunitaria sobre as actividades industriais de maior impacto —realizáronse un 83% das inspeccións programadas—, e foi unha das poucas rexións da Unión Europea que mantivo este nivel con inspeccións *in situ*.

Está é unha das principais conclusións que se extrae do Informe sobre os obxectivos acadados e as conclusións do Programa de inspección ambiental 2020, presentado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na reunión semanal do Consello.

A Comunidade galega conta cun Plan de inspección ambiental 2019-2024, de acordo coa normativa europea e nacional, que se desenvolve en programas anuais como o presentado esta mañá, para ter un control sobre as actividades implantadas no territorio e as repercusións que estas poidan ter sobre o ambiente e a saúde.

En relación co balance sobre o programa ambiental do ano 2020, cando se realizaron 1.445 inspeccións, céntrase, como é habitual, en tres grandes áreas: inspección das actividades con autorización ambiental integrada (AAI), daquelas que non precisan contar cunha AAI e do traslado de residuos transfronteirizos.

Os controis sobre empresas que contan con AAI, aquelas de maior impacto, son realizados polos inspectores do Servizo de Intervención Ambiental. En total, o pasado ano desenvolvéronse 166 deste tipo entre o sector dos residuos (55), industrial (47), as granxas (44) e o sector da alimentación (22) A inspección inclúe a visita *in situ*, a medición de emisións, a comprobación de informes internos e documentos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguimento, a verificación de autocontrois, a comprobación de técnicas usadas e a adecuación da xestión ambiental.

Grazas a este labor, conseguiuuse que estas instalacións se involucren máis en introducir melloras verdes e na avaliación de riscos: un 70% teñen un grao de cumprimento total, moi alto ou alto da súa autorización ambiental.

Outro punto importante do programa anual son as inspeccións que se realizan a aquelas actividades que non precisan contar cunha AAI, como os xestores de residuos, talleres de reparación de vehículos, industrias de plástico ou conserveiras. Este labor é desenvolvido polos inspectores da Consellería —incluído o Laboratorio de Medio Ambiente— coa colaboración dos axentes da Policía autonómica, polo que máis dun cento de efectivos interviñeron en preto de 1.259 inspeccións ao longo da xeografía galega.

O terceiro bloque céntrase na inspección de traslado de residuos transfronteirizos, é dicir, nos controis de estrada para comprobar a documentación da carga e dos camións, no cal se conta coa colaboración da Garda Civil e tamén dos inspectores de Portugal na fronteira co país luso. O balance do ano 2020 pechouse con 34 inspeccións realizadas, durante as cales se pararon 826 camións nas estradas galegas.

Galicia, referente en materia de inspección ambiental

A experiencia e o camiño avanzado pola Comunidade galega en materia de inspección ambiental convértena en referente, ao ser tamén unha das primeiras rexións europeas en contar cun Manual de inspección ambiental e coa certificación de Sistema de xestión de calidade (ISO 9001:2015), que constata a excelencia do servizo prestado. Ademais, Galicia posúe un Decreto de inspección ambiental que foi actualizado en 2020, e avanza na implantación do procedemento telemático e dixital neste eido.

Así mesmo, a inspección ambiental galega está presente de forma activa en diversos foros de ámbito nacional e europeo, onde se ten en conta o traballo da rexión á hora de elaborar os criterios e documentos técnicos, no marco da Rede de autoridades españolas de inspección ambiental e da Rede Europea, de carácter asociativo, de autoridades ambiental.

Cómpre ter en conta que os niveis de cumprimento ambiental están marcados por directivas comunitarias e pola vixilancia. En Galicia realízase de forma exhaustiva e programada, baseada na priorización e frecuencia das inspeccións en análise de riscos.

A Xunta defende que a correcta xestión ambiental dunha empresa é un alicerce á calidade final do produto, polo que se aposta por empresas verdes para facer Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aínda máis verde, ao tempo que se mantén a posición de referente na organización, cumprimento da normativa e resultados acadados en inspección ambiental.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS AVANZA NA TRAMITACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS QUE DOTARÁ A ADMINISTRACIÓN SANITARIA DE MÁIS DE 2.000 PROFESIONAIS CON PRAZA FIXA

- Hoxe mesmo, o *Diario Oficial de Galicia* publica unha nova convocatoria para a cobertura de 94 prazas de persoal funcionario na escala de saúde pública e administración sanitaria
- A vindeira semana publicaranse as puntuacións provisionais dos procesos selectivos realizados entre os días 18 e 24 de outubro, destinados á cobertura de 1.311 prazas

O Servizo Galego de Saúde continúa a avanzar no desenvolvemento dos procesos selectivos con que se ampliará con máis de 2.000 profesionais en praza fixa, pertencentes a 73 categorías diferentes, os cadros de persoal do Sistema sanitario público galego.

Ademais, o *Diario Oficial de Galicia* publica na súa edición de hoxe unha nova convocatoria de concurso-oposición para a cobertura de 94 prazas de persoal funcionario sanitario na escala de saúde pública e administración sanitaria.

Máis polo miúdo, este novo concurso-oposición convoca 18 prazas de persoal farmacéutico inspector de saúde pública, 5 de inspector farmacéutico, 19 de persoal inspector médico, 3 de persoal licenciado en Ciencias Biolóxicas, 5 de licenciado en Ciencias Químicas, 6 de licenciado en Farmacia, 19 de licenciado en Medicina e Cirurxía, 2 de licenciado en Psicoloxía, 11 de ATS/DUE e 6 de persoal subinspector sanitario.

En canto a políticas de inclusión laboral, o día 2 de decembro, o *Diario Oficial de Galicia* publicou a resolución coas puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, en prazas reservadas para persoas que acrediten discapacidade intelectual. Así, a resolución deste proceso selectivo, prevista para o primeiro trimestre do ano 2022, suporá a incorporación de 9 profesionais nesta categoría, o que facilitará a integración laboral e o exercicio profesional deste colectivo nas distintas áreas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia.

Por outra banda, o luns 13 de decembro publicaranse as listas de admitidos no concurso-oposición para o acceso a 24 categorías de persoal estatutario sanitario e de xestión e servizos, para cubrir un total de 680 prazas. Así, está previsto que as probas selectivas para o ingreso nestas categorías se desenvolvan durante o 2º trimestre de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Puntuacións provisionais das probas realizadas en setembro e outubro

Seguindo unha orde cronolóxica, os días 14 e 15 de decembro está prevista a publicación no DOG das puntuacións provisionais obtidas polos aspirantes que concorreron ás probas selectivas celebradas no Recinto Feiral de Silleda nas xornadas do 18, 19, 25 e 26 de setembro, e do 2, 3, 23 e 24 de outubro.

A estas probas presentáronse un total de 7.079 aspirantes para cubrir 1.311 prazas pertencentes ás categorías de técnico superior de anatomía patolóxica e citoloxía, técnico superior en hixiene bucodental, técnico superior en imaxe para o diagnóstico, técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico superior en radioterapia, técnico en farmacia, médico de admisión e documentación clínica, médico asistencial do 061 e médico de urxencias hospitalarias.

Ademais, tamén tiveron lugar as probas pertencentes a 39 especialidades de facultativo de área: Alergoloxía, Análises Clínicas, Anatomía Patolóxica, Anestesioloxía e Reanimación, Anxioloxía e Cirurxía Vascular, Aparello Dixestivo, Cardioloxía, Cirurxía Cardiovascular, Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, Cirurxía Torácica, Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo, Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía, Endocrinoloxía e Nutrición, Farmacia Hospitalaria, Hematoloxía e Hemoterapia, Medicina do Traballo, Medicina Física e Rehabilitación, Medicina Intensiva, Medicina Interna, Medicina Nuclear, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Microbioloxía e Parasitoloxía, Nefroloxía, Neurocirurxía, Neurofisioloxía Clínica, Neuroloxía, Obstetricia e Xinecoloxía, Oftalmoloxía, Oncoloxía Médica, Otorrinolaringoloxía, Pediatría e as súas áreas específicas, Pneumoloxía, Psicoloxía Clínica, Psiquiatría, Radiodiagnóstico, Radiofísica Hospitalaria, Reumatoloxía, Uroloxía e Xeriatría.

A Xunta de Galicia continúa a traballar na incorporación de persoal fixo á Administración sanitaria co ánimo de acadar uns maiores niveis de eficacia e calidade asistencial, ademais de dar resposta ás necesidades organizativas do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SERGAS E CONCELLO DE OURENSE ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA AMPLIAR O CHUO

- O convenio contribuirá a financiar a construción dun novo edificio de hospitalización entre o Hospital de Cristal e o edificio Materno-infantil, conformando unha unidade de 12 andares
- O Concello comprometeuse a entregar ao Sergas máis de 5,2 millóns de euros distribuídos en dúas partidas, unha primeira de 4,1 millóns cando se adxudique o contrato, e outra de 1,1 millóns que se tramitará durante o ano 2022

O Consello da Xunta abordou un informe da Consellería de Sanidade polo que se dá conta ao Executivo galego dun convenio de colaboración entre o Sergas e o Concello de Ourense, mediante o cal se establecen as bases para a execución das obras da fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario desta cidade.

O Concello de Ourense comprometeuse a entregar unha subvención ao Sergas distribuída en dúas partidas. Unha primeira de 4.125.062 euros no momento en que se acredite a adxudicación do contrato, e outra de 1.103.497 euros, que tramitará o Concello durante o exercicio 2022.

Estas cantidades, así como os seus prazos de entrega, foron acordadas durante unhas negociacións en que o Concello de Ourense rexeitou a cláusula, habitual nestes acordos, que prevé a exención ou bonificación de impostos municipais como o imposto sobre bens inmobles (IBI) ou o imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO). A cambio, o Consistorio ourensán propuxo substituír estas exencións por unha subvención equivalente á suma da bonificación do 95% do ICIO, e da exención do IBI durante seis anos de todos os inmobles sanitarios propiedade da Xunta en Ourense. Deste xeito, o Concello achegará ao Sergas máis de 5'2 millóns de euros para abordar as actuacións.

Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde comprométese a executar as obras correspondentes á fase I da reprogramación funcional do Plan director, nas cales se incluírá a construción dun novo edificio de hospitalización entre o Hospital de Cristal e o edificio Materno-infantil, que conformarán unha unidade de 12 andares para albergar 280 camas de hospitalización convencional, 38 de hospitalización pediátrica e 56 de hospitalización obstétrica; unha área de neonatoloxía con UCI pediátrica; urxencias pediátricas e obstétricas; un servizo de radioloxía e unha área de diálise. Así, reformarase o edificio Materno-Infantil abordando a demolición íntegra do seu interior e das súas fachadas, co obxecto de conservar unicamente a estrutura.

Colaboración entre administracións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta aceptou esta modalidade de colaboración co Concello de Ourense e salientou a importancia que ten que os gobernos municipais se impliquen nos procesos de modernización das infraestruturas hospitalarias, tal e como fixeron os concellos de Pontevedra e da Coruña, nas construcións do Gran Montecelo e do Novo CHUAC.

Nesta liña, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, reuníronse co alcalde de Santiago de Compostela para negociar a sinatura dun convenio semellante para a capital de Galicia. Ademais, o Executivo galego continúa a agardar, desde hai meses, pola resposta do Concello de Ferrol, para asinar o convenio referido ás obras de ampliación do CHUF.

Unha resposta ás necesidades da poboación ourensá

Este convenio contribúe a desenvolver o compromiso co futuro da sanidade pública en Ourense, tal e como anunciou o presidente da Xunta o pasado 2 de xullo, ao dotala cun investimento de case 120 millóns de euros para ampliar o seu complexo hospitalario e, ademais, construír un centro integral de saúde na cidade. Así, este compromiso prevé que o novo CHUO conte cun 47% máis de superficie -respecto á de hai doce anos, tras a construción de tres edificios: un de hospitalización, coa reforma do Hospital Materno-Infantil, outro ambulatorio e outro administrativo.

O 2 de xullo publicouse a licitación da construción do novo edificio de hospitalización e a reforma do Hospital Materno-infantil por 52,5 millóns de euros, sobre a cal versa este convenio. Actualmente este procedemento de contratación está en fase de valoración das cinco ofertas recibidas, coa previsión de adxudicar a obra antes de rematar o ano.

Dun xeito paralelo, o pasado mes de setembro o Consello da Xunta autorizou por 9,4 millóns de euros a licitación conxunta do proxecto e obra para renovar e triplicar o espazo actual da Unidade de Coidados Intensivos do CHUO, ampliando as súas marxes dentro da cuarta planta do Edificio Cristal. Así, levarase a cabo unha adaptación de espazos para a implantación de tres módulos da UCI, cos seus correspondentes espazos asistenciais e administrativos de apoio. Esta licitación recibiu oito ofertas. Por outra banda, en outubro adxudicouse o proxecto para unha nova unidade de medicina nuclear no CHUO, con previsión de licitar a obra a comezos do ano que vén por aproximadamente 1,5 millóns de euros.

Ademais, no verán rematouse xa un Plan funcional para construír un edificio administrativo e un novo edificio ambulatorio -con 48 novas consultas, salas de apoio e 42 novas prazas de hospital de día, entre outros servizos- cuxo custo conxunto se calcula en máis de 50 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta para 2022 prevé un investimento de 21,8 millóns de euros para o hospital de Ourense, o que posibilita iniciar a obra do novo edificio de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hospitalización e de reforma do materno-infantil, a reforma da unidade de críticos e a da unidade de medicina nuclear. Así mesmo, con cargo a esta partida procederase á licitación do proxecto arquitectónico dos novos edificios ambulatorio e administrativo.

No relativo ao Centro Integral de Saúde da cidade de Ourense, o proxecto licitouse o pasado xullo e adxudicouse este novembro ao estudio de arquitectura Ezcurra y Ouzande por 270.000 euros. O proxecto de orzamentos da Xunta para 2022 recolle unha partida de 1,5 millóns de euros para iniciar a súa construción (o curso total da obra calcúlase en máis de 9 millóns).

Este novo CIS prevé a ampliación e integración de servizos, para mellorar a funcionalidade da atención sanitaria no centro urbano, incorporando unidades de diagnóstico, con equipos e salas de ultrasóns e radiodiagnóstico, de saúde mental ou de rehabilitación, instalando no mesmo espazo o punto de atención continuada (PAC), o que permitirá deseñar circuitos asistenciais específicos adaptados, en clave de futuro, aos itinerarios clínicos necesarios. Con este investimento, Ourense contará cunha nova infraestrutura de máis de 5.600 m² que unificará e aumentará os servizos sanitarios da cidade.

Finalmente, os orzamentos da Xunta para 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario para o conxunto de centros da rede sanitaria pública galega. Este investimento posibilitará incorporar, para o Hospital de Ourense, no Servizo de Medicina Nuclear que se vai reformar, un equipamento PET, co cal se dota esta provincia da tecnoloxía de tomografía de última xeración para o diagnóstico por imaxe de tumores e patoloxías neurodexenerativas.

Estes orzamentos permitirán, así mesmo, renovar no hospital ourensán os equipamentos de ecografía e completar a modernización dos bloques cirúrxicos coa compra de mesas, lámpadas ou torres de laparoscopia, ademais dos dous aceleradores lineais do Servizo de Radioterapia. Do mesmo xeito, os orzamentos posibilitarán renovar unha gammacámara e mercar outra, ou substituír catro equipamentos TAC. A Xunta tamén levará a cabo, neste hospital, a renovación do equipamento de angiografía vascular e complementarao cun novo equipamento de angiografía neurorradiolóxica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FROTA GALEGA ACUMULARÍA UNHA PERDA DE INGRESOS DE MÁIS DE 70 MILLÓNS DE EUROS DESDE 2019 COA PROPOSTA DE RECORTE DE COTAS PARA O PRÓXIMO ANO

- Un informe elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela por encargo da Xunta revela que o impacto sería de case 34 millóns de euros só en 2022 coas propostas para a pescada, o xurelo e o peixe sapo
- As consecuencias en materia de emprego cífranse na destrución de preto de 400 postos de traballo o vindeiro exercicio e en máis de 700 no acumulado desde 2019
- Os maiores prexuízos corresponden á frota que captura a pescada, con caídas da facturación de preto de 60 millóns de euros nos últimos anos e a perda de arredor de medio milleiro de empregos, malia ser das frotas máis especializadas e selectivas
- O segmento de frota máis afectado no caso do xurelo é o cerco, cos portos de Portosín, Malpica e Camariñas como os máis prexudicados, e no caso do peixe sapo, o impacto afectaría principalmente a frota arrastreira de Vigo
- Galicia xa entregou este estudo tanto á Comisión Europea como ao Goberno central e ao Executivo andaluz para que os intereses de Galicia sexan defendidos no Consello de Ministros de Pesca da UE dos días 12 e 13 de decembro e que na fixación dos TAC e cotas se teñan en conta tanto os aspectos ambientais como os socioeconómicos

As frotas galegas dedicadas á captura da pescada, do xurelo e do peixe sapo acumularían unha perda de ingresos de máis de 70 millóns de euros desde 2019 en caso de confirmarse as propostas de recorte de totais admisibles de capturas (TAC) e cotas realizadas para o próximo ano. Así o recolle un informe elaborado polo Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que foi analizado hoxe no Consello da Xunta e que cuantifica o impacto en case 34 millóns de euros só para o ano 2022.

Este documento, encargado pola Consellería do Mar de cara á negociación dos TAC e cotas no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea dos próximos 12 e 13 de decembro, tamén fai unha estimación do impacto en materia de emprego que terían as recomendacións do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) e da Comisión Europea. As rebaixas nas posibilidades de pesca propostas para a pescada, o xurelo e o peixe sapo en 2022 suporían a destrución de 382 postos de traballo, unha cifra que superaría os 700 no acumulado desde 2019.

A avaliación realizada pola USC lembra que na fixación das cotas de captura o Executivo comunitario adoita ter en conta os aspectos biolóxicos das especies e non os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

socioeconómicos, malia que a política pesqueira común (PPC) establece a necesidade de que haxa un equilibrio dos tres eidos. Por iso, os investigadores tratan de facer en tres estudos independentes -da pescada, do xurelo e do peixe sapo- a aproximación á incidencia socioeconómica dos descensos nas cotas de captura.

O maior impacto correspóndese coa frota dedicada á captura de pescada, que vería como a súa facturación caería en máis de 23 millóns de euros en 2022 coa actual proposta de posibilidades de pesca. Cos recortes en anos anteriores, as perdas de ingresos desde 2019 ascenderían a preto de 60 millóns de euros e a destrución de emprego roldaría os 500 postos de traballo, dos cales máis de 200 corresponderían ao vindeiro ano.

O informe remarca, ademais, que as frotas máis especializadas e selectivas son as que resultan máis vulnerables a estas baixadas nas cotas, pois teñen unha maior dependencia dos recursos que capturan. No caso da pescada, as máis afectadas serían as de palangre e os volanteiros do Cantábrico Noroeste, mentres que os portos máis prexudicados serían os de Celeiro e Burela, onde o 71% e o 42%, respectivamente, das súas descargas se corresponden con esta especie.

O estudo sobre a proposta de TAC e cotas para o xurelo en 2022 reflicte que os ingresos da frota que captura esta especie baixarían en case 8 millóns de euros respecto de 2021 e en 7,3 millóns en relación con 2019 -houbo anos con incremento de cotas- mentres que os empregos destruídos ascenderían a 126 só no próximo exercicio e 112 no acumulado desde 2019. Mentres, a frota máis afectada sería o cerco e os portos con maior impacto os de Portosín, Malpica e Camariñas, onde o xurelo achega máis do 60% das vendas nas súas lonxas.

A proposta para o peixe sapo, pola súa banda, implicaría un descenso na facturación da frota que captura esta especie de 2,6 millóns de euros en 2022, unha cifra que sobe ata os 3,5 millóns se se teñen en conta os recortes nas posibilidades de pesca aplicados desde 2019. En materia de emprego, ese impacto sería de medio cento de postos de traballo o vindeiro ano e máis dun cento no acumulado. No referente aos segmentos de frota e aos portos máis afectados, os prexuízos estarían moi concentrados na frota arrastreira de Vigo, pois esta especie achega máis do 23% das súas descargas e o 36% da súa facturación.

Entrega á Comisión Europea

O informe analizado no Consello da Xunta xa foi entregado o pasado 30 de novembro pola conselleira do Mar, Rosa Quintana, á directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(DG Mare) da Comisión Europea, Charlina Vitcheva, e foi remitido tanto ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como ao Goberno andaluz -que exerce a representación das comunidades autónomas españolas- para que sexa tido en conta nas negociacións do Consello de Ministros de Pesca da UE e defendan os intereses da frota galega na fixación dos TAC e das cotas do próximo ano.

Galicia lembra que nas decisións sobre o sector pesqueiro se deben ter en conta tanto os aspectos ambientais como os económicos e sociais, e que decisións como os recortes de cotas teñen un importante impacto tanto no sector pesqueiro galego como no conxunto da Comunidade, pois 64 das 81 ramas de actividade da economía galega están vinculadas co ámbito marítimo-pesqueiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

